


Relacións institucionais

D.X. de Ordenación do Territorio	MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA LEI DO SOLO DE GALICIA (LSG) En fase de consulta previa á modificación, FEARMAGA achegou as súas consideracións ao respecto da necesidade de recoller o réxime especial establecido na DT4ª da LSG para as construcións e instalacións forestais situadas en solo rústico e existentes a 01/01/2003, que facilita a realización de obras de conservación, reforma e ampliación. A petición de FEARMAGA débese a que, no vixente Regulamento, non se recolle de modo literal e ten xerado confusión á hora da interpretación da normativa así como demoras na obtención de licenzas.
Ordenanzas municipais	ORDENANZAS MUNICIPAIS REGULADORAS DA SACA E TRANSPORTE DE MADEIRA En defensa dos intereses dos seus asociados, FEARMAGA presentou alegacións ás aprobacións provisionais da ordenanza reguladora da saca e transporte do Concello de Trasmiras e á modificación da ordenanza de xestión da biomasa do Concello de Tomíño .

Servizos prestados a socios

	REUNIÓN COMARCAL DOS SOCIOS DA ZONA DE SANTIAGO Os socios de APRALCO da zona de Santiago reuníronse o 09/11, o encontro serviu para intercambiar opinións e analizar as dificultades e necesidades que se atopan as empresas no seu día a día á hora de exercer a actividade madeireira. Os asuntos que xeraron máis interese foron os novos permisos de corta e a rescisión obrigatoria de consorcios e convenios entre a Xunta de Galicia e as comunidades de MVMC
---	--

Actividades formativas e divulgativas

Concluíu a execución do **Plan de formación e divulgación sectorial 2018 de FEARMAGA** coa celebración das seguintes accións:



- CURSOS VÁLIDOS PARA AXUDAS FEADER** - Santiago de Compostela
 - Manexo e mantemento de tractores forestais (25-27/10)
 - Manexo e mantemento de colleitadoras forestais (15-17/11)

Ver [fotos e nota de prensa](#)

Ver [fotos e nota de prensa](#)



- XORNADAS INFORMATIVAS SOBRE PERMISOS DE CORTA**
 - Santiago de Compostela (30/10)
 - Verín (06/11)
 - Pontedeume (08/11)
 - Pontearreas (13/11)

Ver [fotos e nota de prensa](#)

Ver [fotos e nota de prensa](#)

Ver [fotos e nota de prensa](#)



Ver [fotos e nota de prensa](#)



- VISITA DE DELEGACIÓN DE EMPRESARIOS CHILENOS** (22-23/10)
- CAMPAÑA ESCOLAR ÁRBORES QUE DAN VIDA:** Santiago de Compostela (14/11)

Ver [fotos e nota de prensa](#)

Ver [fotos e nota de prensa](#)

Financia:  **AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL**  **XUNTA DE GALICIA**

Reserva a túa praza!



CURSOS XANEIRO 2019: VÁLIDOS PARA AS AXUDAS FEADER

- Realización de inventarios de vexetación (16, 17 e 18 de xaneiro e 14, 21 e 28 de xaneiro)
- Posta en marcha e mantemento da motoserra (9, 10 e 11 de xaneiro e 23, 24 e 25 de xaneiro)

Inscríbete!:





981568390



informacion@maderasdeg Galicia.com

Novidades!

	PRÓXIMA CONVOCATORIA DE AXUDAS FEADER 2019 E NOVO BAREMO Haberá novidades no baremo de aplicación que incluírá moitas das propostas formuladas por FEARMAGA: incremento da puntuación das procesadoras (igual á dos autocargadores), mantemento da puntuación das empresas da zona demarcada polo nematodo, eliminación da valoración do importe do volume de vendas e de contratos para facilitar o acceso ás axudas das pequenas empresas, etc. Ver novo baremo Lembra, FEARMAGA pode tramitarchas!
	PRÓXIMA CONVOCATORIA DE AXUDAS VALORIZA 2019 Tamén se convocarán axudas dotadas con fondos propios da Xunta de Galicia e que, atendendo a unha demanda de FEARMAGA, permitirán que os procesos de serra que non teñen cabida en Feader poidan ser beneficiarios de axudas. Lembra, FEARMAGA pode tramitarchas!



[Árbores que dan vida](#)



[@fearmaga](#)